



A NOSA PALABRA PARA AS NOVAS XERACIÓNS DE EDUCADORES E EDUCADORAS NO XXV ANIVERSARIO

Hai algo máis de trinta anos ensinantes deste País, xeralmente novos e no comezo da vida profesional, entendendo que a formación inicial recibida como profesores e técnicos da educación era deficiente para encarar o noso oficio, ou que mesmo era distinto ao que nos propoñían o modelo de educación que queriamos desenvolver co alumnado, no contexto dunha sociedade que daba os primeiros pasos para a súa construción democrática e para a súa galeguización, nun tempo de cambios socioculturais e de crecente dinamismo científico-tecnolóxico, comezamos a xerar modos distintos nas nosas prácticas como formadores e formadoras.

Abriamos as portas das nosas aulas ao medio social; deixamos que diversas expresións e manifestacións da nosa cultura popular entrasen nas aulas para formar parte das actividades de formación e de análise de por parte do alumnado; deixamos que os escritores e as escritoras galegas interpelaran a cultura da escola; favorecemos o coñecemento do medio escolar, coa súa xeografía, coas súas producións, coas relacións sociais de cada caso, cos problemas sociais orixinados; achegámonos á historia local e descubrimos nos arredores dos centros escolares igrexas, estilos artísticos, castelos, pontes, soutos centenarios, árbores americanas, industrias e trebellos técnicos, modos de cultivar a terra, modos de pescar, diversas fabricaciónns de utensilios da vida diaria, libros e revistas de procedencia internacional... e tantas e tantas cousas, que pasaron a formar parte dos diálogos de aula, dos traballos en grupo e das pescudas familiares, levándonos a descubrir aspectos tan diversos que rodeaban o mundo dos nenos e das nenas, e das mozas e mozos, na cidade, no campo, no interior, na costa, con tantos asuntos de importancia cultural e formativa, que non se contemplaban anteriormente nin nos libros de texto, nin nas lecturas escolares, nin nos exercicios propostos; tamén a lingua galega entrou nas aulas, ás veces coa forza da auga dunha presa rebentada, no oral e na escrita...

Hai algo máis de trinta anos, coa axuda de lecturas novas, ás veces apuradas e desordenadas, captamos e descubrimos que, tempo antes da rixidez escolar e académica imposta polo franquismo, sobre todo nas escolas públicas e para os sectores populares maioritarios, houbera abondosos ensaios e experiencias de nova pedagogía, para favorecer unha aprendizaxe activa, motivadora e mobilizadora de enerxías psíquicas infantís e xuvenís, e para propiciar a educación cívica de acentos democráticos, que supón a aprendizaxe da participación, da cooperación e da expresión libre, pero tamén da solidariedade, e fomos sabendo así dos mellores significados da Institución Libre de Enseñanza, da Escola Moderna interclasista e coeducativa de Ferrer i Guardia, das experiencias da Escola Nova, con Montessori, Decroly, Dewey e Ferriere, de fermosas e a miúdo intuídas experiencias e modos de facer escola dos mellores mestres da IIª República, tal como amosa o film *A escola das bolboretas*; fomos tamén sabendo que en Cataluña había un amplo grupo de profesoras e profesores que, reunidos na Asociación Rosa Sensat, promovían unha nova didáctica das linguas, o ensino en catalán e unha nova didáctica das ciencias sociais, con novos modos para a formación histórica e xeográfica; fomos sabendo que convocaban *Escolas d'Estiu*, que se reunían en grupos de traballo e de formación continua, sen agardaren polo que dispuxeran as autoridades administrativas, e que así preparaban eles mesmos novos materiais e recursos didácticos, e que editaban libros de literatura infantil e xuvenil, ao tempo que favorecían experiencias de activismo pedagóxico, interesándose cos seus alumnos e alumnas pola vida local, polos mercados, polas producións, polos museos, polas institucións locais e pola vida das xentes do común...; fomos coñecedores e coñecedoras de que o mestre e pedagogo francés Celestin Freinet promovera en Francia un amplo movemento pedagóxico en defensa dunha escola activa, popular e democrática, recoñecéndolles un gran protagonismo aos propios nenos, á súa palabra e á cultura local, e fomos sabendo que había profesores e profesoras que dende diversos lugares de toda España estaban a facer escola e educación nunha perspectiva semellante.

Fomos, así, sendo conscientes do que tamén nós poderíamos facer, buscando compartir preocupacións e tamén ilusións con outros compañeiros e compañeiras. E fomos dando pasos para a formación dalgúns grupos de traballo, de intercambio, de formación e de preparación de novo, e a miúdo un algo rudimentario, material didáctico. Algo que con algunha frecuencia acompañamos coa incorporación a organizacións políticas e/ou sindicais que, así mesmo, estaban a nacer naqueles anos setenta.

E outros ensinantes, educadores e educadoras, acudiron a esta chamada á acción e ao impulso dado por aqueles e aquelas que hai algo máis de trinta anos comezaran a se mobilizar como profesores e profesoras novos para "outra escola e para outra educación", en todo caso máis acorde ao que debiera ser unha sociedade democrática e autorrecoñecida na súa lingua propia e identidade cultural. E andamos camiños, ás veces desordenadamente, experimentando e ás veces con inmadurez propia da idade...

Como sexa, e despois de valorar sobre todo as limitacións e feblezas dos nosos intentos primeiros, un considerable número de ensinantes, en parte reunidos en varios grupos de traballo de infantil, de primaria e de secundaria, decidimos en 1983 poñer en común o que aprenderamos, e sobre esta base promover unha ampla plataforma colectiva que, dende o principio de cooperación, nos permitise poder avanzar cara unha maior renovación pedagóxica e galeguización escolar, e cara á construción día a día dunha educación pública, democrática, participativa e laica. Foi, así, como fixemos nacer Nova Escola Galega, dende a que hoxe e logo de 25 anos de traballo, de convivencia e de realizacións vos queremos falar; hoxe cando mesmo unha parte non pequena daqueles que comezaron a camiñar deste modo hai algo máis de trinta anos xa comezaron unha nova etapa da vida, ao situarse máis alá dos sesenta anos.

Daquela a hoxe moitas cousas cambiaron no mundo da educación. As lexislacións, os currículos escolares, a formación inicial do profesorado, as posibilidades de formación continua, os recursos e materiais didácticos, a organización escolar e tantos e tantos asuntos. Tamén unha parte do que poderían ser reivindicacións e propostas para a renovación pedagóxica e a galeguización educativa son hoxe realidades da educación. O contexto social, económico, político, cultural, científico e tecnolóxico, de por parte, experimentou abondas modificacións de toda índole.

Cambiou, así mesmo, en parte o que constitúe a identidade profesional dos docentes e por todo iso podería parecer que unha experiencia de organización de profesores e profesoras, como a que compuxemos, Nova Escola Galega, como movemento de renovación pedagóxica, sería a propia dun grupo xeracional cunhas determinadas marcas e nun dado contexto histórico, aínda que nel convivan compañeiros e compañeiras das novas xeracións.

Pero, é posible que a experiencia que construímos nestes 25 anos poida ser un patrimonio organizativo e de prácticas educativas valiosas a ser recollido, continuado e renovado por novas xeracións de educadoras e educadores galegos; como alicerces para as novas historias de vida educativa que arestora se comezan a trazar.

Facemos unha síntese: coidamos que é preciso inserir a transformación da escola, das institucións educativas no seu conxunto, en procesos de cambio e de transformación social democrática; a construción dunha escola para todos e todas, democrática, inclusiva, con igualdade de oportunidades, galeguizada e laica é unha aposta pola que loitamos e que ten ademais de claves técnico-pedagóxicas acentos políticos, en relación co horizonte social que queremos; coidamos que as institucións escolares son espazos cualificados para a construción crítica do coñecemento, para a aprendizaxe da cidadanía e da convivencia, da liberdade, da laboriosidade e da cooperación; espazos para a expresión libre e o desenvolvemento da personalidade do alumnado en formación e para a realización de procesos de ensino-aprendizaxe, en clima de cordialidade, de investigación, de experimentación e de interrogación, co desexo de facerse cargo de saberes e coñecementos precisos para comprender e interpretar o mundo e as relacións sociais. E por todo isto, procuramos problematizar tanto a formación recibida como a adquirida ao longo da nosa vida profesional, porque necesitamos poñer en cuestión a bagaxe cultural e as referencias teóricas dende as que se pensa o traballo docente e educador, e porque pretendemos aprender dende a experimentación reflexionada, dende a busca e o intercambio de experiencias e construír, así, un saber profesional a través da interrelación dialéctica entre o coñecemento e a vida.

Facémolo, deste xeito, porque como educadores e educadoras rexeitamos ser receptores pasivos e simples aplicadores das directrices do Estado, e porque rexeitamos ser excluídos dos procesos de elaboración das políticas educativas e das orientacións pedagóxicas, desde os criterios dunha racionalidade tecnocrática. Porque tamén somos construtores de coñecemento profesional e pedagóxico a través da nosa implicación, procuras e realizacións. Porque rexeitamos limitar a nosa acción a só posibilidades de "intervención parcial e especializada", perdendo de vista un pensamento global.

Somos educadores e educadoras responsables do noso alumnado, ao que acollemos e lle damos confianza; no noso traballo indagamos sobre o potencial de cada un e cada unha para potencialo; sementamos; forxamos vontades de superación e interéstanos cada alumno e cada alumna de xeito global, para axudalos a medrar, e non só os instruímos especializadamente, e cremos na relativa forza transformadora da educación e das institucións escolares.

Dende tales supostos, fomos modulando esta plataforma colectiva que é Nova Escola Galega, como espazo de formación, de encontro, de reflexión e acción conxunta, de reivindicación, de proposición de alternativas, de comunicación social, de identificación e de seguridade emocional colectiva. E de aí proceden as diversas dinámicas, actividades, iniciativas e publicacións que fomos quen, modestamente, de ir construíndo nestes pasados anos. Un patrimonio, sen dúbida. Unha casa acolledora para as xeracións novas de educadores e educadoras, tamén podería ser.

A plataforma construímosa arredor dun proxecto xenérico, pero tamén basicamente definido, o modelo de Escola Pública, con racionalidade pedagóxica e cun horizonte de transformación social democrática; arredor del fomos artellando un movemento educativo de base e con capacidade aglutinadora e con concreción territorial en Galicia como conxunto; ideoloxicamente plural, isto é sen asumir unha única análise socio-política, dada a nosa especificidade asentada na racionalidade pedagóxica, e sen formular tampouco unha estratexia delimitada de intervención uniforme; unha plataforma construída sobre unha metodoloxía participante, cooperativa e de clima aberto, non vangardista e si, polo contrario, aberta á confrontación a través do diálogo e o debate, con vontade de colaborar na creación e desenvolvemento dun movemento social amplo a favor da reforma democrática da educación, mediante a conexión con outros sectores e plataformas tamén interesados en tal busca; entendendo a renovación pedagóxica como un concepto global, integrador do perfeccionamento e das perspectivas didácticas e formativas sectoriais e especializadas; con necesaria autonomía e independencia organizativa e institucional con respecto a outras organizacións sindicais, políticas, académicas ou administrativas, dada a centralidade concedida ao pedagóxico como dimensión específica da profesionalidade educadora; con vontade de traballo continuado no tempo, e de ser instrumento de orientación para aqueles e aquelas que queiran recoñecerse en posicións socio-educativas progresistas e de transformación.

Ao procuralo así tentamos superar: situacións de reducida reflexión e elaboración teórica, impropias do noso tempo e función; a escasa comunicación profesional alén dos centros de traballo de cada quen; a dependencia doutras organizacións político-sindicais ou corporativas que tamén acollen a docentes, marcando ás veces orientacións inadecuadas; os perigos da sectorización territorial, de etapa educativa ou temática, en tanto non permite ollar a globalidade dos procesos e proxectos educativos e procurando superar asemade as maiores dificultades organizativas que experimentan os grupos de moi reducida dimensión, fronte á complexidade das institucións e do sistema educativo.

Coidamos que este entendemento conforma un patrimonio de conveniente consideración por parte das novas xeracións de educadores e educadoras en tanto que dispostos a implicarse activamente na reforma democrática da educación. O oficio de educadores debe estar asentado sobre concepcións socio-pedagóxicas globalizadoras, profesionalizadas, e colectivamente compartidas; non neutrais; é comprometido cos procesos de innovación e por tanto continuo; é contraditorio coa fragmentación discursiva e teórica, e necesita de ideais antiburocráticos. Así o procuramos poñer en práctica e, deste modo, o propoñemos.

Esta é a nosa palabra neste XXV aniversario de Nova Escola Galega. Este é tamén o reto teórico e de vida que propoñemos. Aportamos algunha confianza para seguir trazando os novos camiños do tempo incerto, pero tamén esperanzado que temos por diante.